



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARIÑO

Bases de participación no concurso de disfraces do Entroido 2024 do Concello de Cariño

Mediante Decreto Alcaldía de data 01/02/2024 aprobáronse as Bases de participación no concurso de disfraces do Entroido 2024 do Concello de Cariño, que se transcribe a continuación:

(...)

PRIMEIRO: Aprobar as bases do concurso de disfraces de Entroido do ano 2024, que se transcriben a continuación:

O desfile e concurso terán lugar o **domingo 11 de febreiro** 2024 con saída ás **18 horas dende o Polideportivo municipal**.

O desfile terá o seguinte percorrido: Polideportivo Municipal – Rúa Concepción Arenal- Avenida Constitución – Avenida Manuel Fraga – Avenida da Paz e rematará na praza roxa .

Para fomentar a participación convócase o tradicional concurso de disfraces de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA. A organización do concurso corre a cargo do Concello de Cariño, co seguinte enderezo: Avda. da Paz, 2 – 15360 Cariño (A Coruña).

SEGUNDA. Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, pertencentes ou non ó Concello que o convoca.

A inscrición poderá formalizarse nalgunha das categorías seguintes:

- *Categoría Infantil .Individual ou parellas.* Nesta categoría participarán nenos e nenas de ata 12 anos.
- *Categoría Infantil. Grupos.* Nesta categoría encádranse os grupos de 3 ou máis persoas teñan ata 12 anos. Poderán ir acompañados de adultos, pero non participan no concurso.
- *Categoría Adultos. Individual ou parellas..* Nesta categoría participarán persoas de 13 anos ou máis.
- *Categoría Adultos. Grupos.* Nesta categoría encádranse os grupos de 3 ou máis persoas que teñan máis de 13 anos. Poderán ir acompañados de persoas de 12 ou menos anos, pero non participarán na categoría.
- *Categoría Comparsa.* Estará formada como mínimo por 10 compoñentes disfrazados dun mesmo tema e deberán realizar algún tipo de representación (baile e música).

En caso de dúbida, o xurado determinará a qué categoría se adscriben os participantes.

TERCEIRA. Establécense os seguintes premios:

Comparsa:

1º Premio: Primeiro Premio á Mellor Comparsa 1200€

2º Premio: Segundo Premio á Mellor Comparsa 600€

3º Premio: 400€

Adultos. Grupos (+3):

1º Premio: 300€

2º Premio: 150€

3º Premio: 100€

Adultos. Individuais ou parellas.

1º Premio: 150€

2º Premio: 75€

3º Premio: 50€

Grupos (+3):

1º Premio: 90€

2º Premio: 60€

3º Premio: 30€

Infantís. Individuais ou Parellas:

1º Premio: 50€

2º Premio: 25€

3º Premio: 15€

De conformidade co artigo 75.3f do Real Decreto 439/2007 de 30 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado por Real decreto 304/2004, de 20 de febreiro, non existe obriga de practicar retención ou ingreso a conta sobre os mencionados premios, agás os que superen a contía de 300 euros.

CUARTA. A inscrición, no modelo oficial facilitado polo Concello e que se anexa ás presentes bases, constitúe un requisito imprescindible que deben cumprir os participantes que queiran optar a un premio.

A inscrición pode facerse de forma presencial ou por rexistro telemático ata as 14 horas do xoves 8 de febreiro de 2024.

QUINTA. O Representante.

É aquela persoa designada polos membros do Grupo ou agrupación para que os represente e actúe como único voceiro ante a Organización. As súas funcións e competencias son as seguintes:

- a) Cumprimentar a folia de inscrición, ademais do resto da documentación e facela chegar en prazo.
- b) Deberá indicar claramente o seu nome e apelidos, D.N.I., dirección, localidade, teléfono e dirección de correo electrónico. Os componentes da agrupación deberán asinar no boletín de inscrición a autorización ó representante legal para que poida percibir en nome de todos e cada un dos componentes o correspondente premio se o obtiveran.
- c) Presentará as posibles reclamacións ante a Organización e unha vez comezado o concurso ante o Xurado, sempre por escrito e debidamente identificado. O escrito deberá estar rubricado polo menos pola metade máis un dos componentes da Agrupación.

SEXTA. Entrega de dorsais. O desfile.

- a) A entrega de dorsais a todos os participantes no desfile terá lugar no Polideportivo Municipal o domingo 11 de febreiro de 2024 ás 17:30.
- b) Os participantes saíran ás 17 horas do Polideportivo Municipal e percorreran as rúas da vila ata a Praza Roxa, debendo os/as inscritos/as realizar todo o percorrido. A orde de saída no desfile será designado pola organización, atendendo a cuestións como levar música soando na carroza, etc...
- c) Os participantes que non leven dorsal non serán puntuados para o concurso. Cada participante será responsable do dano ocasionado a terceiros.
- d) Prégase a tódolos participantes que sigan as instrucións da organización para poder facer o desfile coa máxima orde posible. Quedarán descalificados/as e expulsados do desfile aqueles participantes que non atendan as ordes da organización do desfile, policía local, etc.
- e) Quedarán descalificados todos aqueles concursantes que non cumpran as bases, entorpezan ou provoquen atrasos, ou que levando animais procedan con eles/as con violencia ou calquera outro tipo de maltrato físico ou os ridiculicen.
- f) Os conductores dos vehículos ou carrozas deberán cumprir coa normativa vixente e dispor do seguro obrigatorio e o de responsabilidade civil, así como estar en posesión do permiso de condución correspondente.
- g) As carrozas deberán estar dotadas de medidas de seguridade para garantir o benestar das persoas.
- h) Por ser un acto para tódolos públicos, non se permitirán representacións obscenas, que poidan ferir a sensibilidade dos/as espectadores/as.
- i) A organización resérvase o dereito de cambiar o percorrido ou suspender o desfile por causas de forza maior, ou sempre que as inclemencias metereolóxicas impedisen o regular desenvolvemento do mesmo.
- j) Os premios entregaranse na Praza Roxa e os gañadores terán que recoller o premio ataviados co disfraz.

SÉPTIMA. O xurado estará composto polas persoas que a organización designe, quedando facultados para resolver todos os aspectos que non estean contemplados nas presentes bases.

A deliberación do xurado será inapelable. A través da seguinte táboa de puntuacións entregada con anterioridade ao concurso a cada membro do mesmo, levarán a cabo a valoración de cada un dos concursantes do seguinte xeito:

- **Comparsas. Grupos Adultos e Infantís:**

	1	2	3	4	5
VESTIARIO					
MAQUILLAXE					
ORIXINALIDADE					
CARROZA OIU SIMILAR					
MUSICA E COREOGRAFÍA					
SIMPATÍA (INVOLUCRAR AO PUBLICO)					
TRABALLO FEITO Á MAN					

- **Adultos e infantís .Individuais e Parellas.**

	1	2	3	4	5
VESTIARIO					
MAQUILLAXE					
ORIXINALIDADE					
SIMPATÍA (INVOLUCRAR AO PUBLICO)					

Ao remate levantarase acta das valoracións e do resultado final asinada pola persoa encargada da secretaría do mesmo.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar algún premio deserto ou transferilo a outra categoría.

A decisión darase a coñecer o mesmo día do desfile na Praza Roxa.

OCTAVA. Entrega de premios.

A entrega dos diplomas e premios realizarase unha vez rematado o desfile e a deliberación do xurado.

Os premiados/as deberán solicitar o pago do premio, mediante transferencia bancaria, cunha solicitude xeral no Rexistro Xeral do Concello, aportando un certificado do número de conta onde figure como titular da mesma a persoa que inscribiu á comparsa, grupo, parella ou individual.

NOVENA. Dereitos de Imaxe.

O Concello de Cariño resérvase a potestade de fotografar /ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

Calquera persoa que queira participar no concurso ten dereito a poder acceder a estas bases e facer calquera consulta que considere oportuna.

Asimesmo, estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello de Cariño.

A participación no concurso implica directamente a aceptación destas normas. O non cumprimento delas desencadea a exclusión e non participación no concurso do individuo ou individuos que non cumpriran estas.

ANEXO I**ENTROIDO 2024 CONCELLO DE CARIÑO. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL OU PARELLA INFANTIL**

Nome e apelidos: _____

Anos: _____ Data Nacemento: _____ DNI: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ C.P. _____

Teléfonos de contacto: _____

Correo electrónico: _____

Número de Conta: _____

Nome e tema do disfraz: _____

 Infantil Adulto**CUBRIR POLO PAI/NAI NO CASO DE QUE O PARTICIPANTE SEXA MENOR**

Eu, _____, con DNI _____ e enderezo a efectos de notificación en _____, localidade _____, Concello _____

e C.P. _____, AUTORIZO á miña/meu filla/o

a participar no desfile de entroido organizado polo Concello de Cariño e asumo as consecuencias legais e económicas que poda ter.

En Cariño, a _____ de febreiro de 2024

Asdo. _____ .

Nota. Adxuntar copia do DNI

ANEXO II**ENTROIDO 2024 CONCELLO DE CARIÑO. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN COLECTIVA**

- Parellas
 Grupo
 Comparsa

Nome e tema do disfraz: _____

Número de participantes: _____

Nome e apelidos: _____

Anos: _____ Data Nacemento: _____ DNI: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ C.P. _____

Teléfonos de contacto: _____

Correo electrónico: _____

Número de conta: _____

En representación do grupo, parella ou comparsa
ser o caso.

encargado de recibir o premio, de

En Cariño, a _____ de febreiro de 2024

Asdo. _____ .

ANEXO III

ENTROIDO 2024 CONCELLO DE CARIÑO. AUTORIZACIÓN AO REPRESENTANTE LEGAL

Número	Nome e apelidos	D.N.I	Firma

Cada un dos compoñentes firma o presente documento autorizando ó Representante Legal da Agrupación denominada _____, Don/a _____ con D.N.I. _____ a percibir en nome de tódolos compoñentes a parte proporcional que lle correspondería a cada un, en caso de obter un premio no Desfile de Entroido do Concello de Cariño para o ano 2024, no seguinte número de conta:

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida 338.22799 do orzamento municipal do exercicio 2020, actualmente prorrogado.

TERCEIRO: Publicar as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

Cariño, 1 de febreiro de 2024

A Alcaldesa

Asdo: Ana Mª López Fernández

2024/742